

FALANDO CLARO

PEPE SENDÓN PRESENTA A HISTORIA DO ANARQUISTA
CLARO JOSE SENDON LAMELA

Data, lugar e hora de
representación:

Venres 27 febreiro 2015 •
12:00 h

Paraninfo da Facultade de
Historia

ENTRADA LIBRE ATÉ
COMPLETAR AFORO

Máis Información:

Grupo HISTAGRA
Departamento de Historia
Contemporánea e América
histagra@usc.es
881812734



PEPE SENDÓN PRESENTA
**FALANDO
CLARO**
A HISTORIA DO ANARQUISTA
CLARO JOSE SENDON LAMELA

CLARO JOSE SENDON LAMELA, nacido en Louro - Murgo en 1897 e finado en Nova York en 1937, deixounos en apenas corenta anos unha peregrina vital tan convulsa e turbulenta coma a época que lle tocou vivir. Sendo aínda un neno, cruzo o Atlántico como parte do masivo éxodo galego de principios do século XX. En Buenos Aires inicia unha formación autodidacta que anos despois agromaría no seu traballo xornalístico e acada a conciencia de clase que o fará, fillo do pobo, traballar arreo a prol da causa dos desposeuídos, sempre desde os principios anarcosindicalistas que aprendeu e practicou nas loitas obreras argentinas. Xa un mozo, nos anos 20, atópandose participando activamente nos círculos libertarios de Filadelfia e Nova York, moi en contacto cos grupos ácratas de Barcelona e atento á evolución do crecente anarquismo galego, no que se integrará con decisión nos anos 30, desenvolvendo un intenso labor na sección galega da CNT. Orador de reconhecida valía, organizador incansable e posuidor dunhas persoas dotes xornalísticos que o levarían a publicar en numerosas cabeceiras ácratas españolas, dirixir o semanario Solidaridad Obrera na Coruña e integrar a redacción do CNT Diario en Madrid, Claro foi unha das figuras sobranceiras do sindicalismo galego nos tempos da 2ª República.

FALANDO CLARO é unha reconstrución da vida aventurista dun personaxe único a través dos textos que nos deixou. Por medio deles transmitiremos pola Semana Traxica asturiana, polos anos 20 muncionquinos, polo Crack de 1929 e a posterior Grande Depresión, pola vitalidade dos primeiros días da República e o agra Bienio Negro, por inefables episodios do anarquismo galego, polos comunistas días previos á sublevación militar e, finalmente, pola Guerra Civil española.

As palabras dun rebelde, deste afouto rebelde de Louro, libertarias e radicais, agudas e retranscricións, dramáticas e emocionantes, serán a nosa guía para coñecer unha figura novelesca que malia parecer de outro mundo, é do noso; e para revivir unha parte moi importante do noso pasado, que malia parecer outra historia, tamén é a nosa.

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional